

XVIII SUBHASTA TOP-BOS / REGULAMENTO

O día **28 de Outubro**, e na Finca de Bos en Guísamo (A Coruña), a **Federación Frisona Galega**, en colaboración coa **Consellería do Medio Rural** e a **Fundación Semana Verde**, celebrará a **XVIII Subhasta TOP-BOS** con animais procedentes da Unidade de Transferencia Embrionaria de Bos.

1º Animais a Subastar (Condições)

1.1. Xenealóxicas:

- A) Tódolos animais a subastar son do "Programa de Mellora Gandeira" desenrolado na Unidade de Transferencia Embrionaria de Bos e proceden das mellores familias de vacas do mundo.
- B) Para garantir a súa ascendencia, tódolos animais van acompañados das correspondentes probas de filiación.

1.2. Sanitarias:

- Ademais de permanecer, dende o nacemento, sometidos ó programa de bioseguridade da UTE de BOS, os animais a subastar presentarán probas diagnósticas con resultado NEGATIVO fronte ás enfermidades obxecto de campaña oficial de erradicación: Tuberculose e Brucelose; adicionalmente fronte a IBR (proba ELISA gE), BVD (ELISA de Anticorpos e Antíxeno), Neospora (ELISA Anticorpos) e Paratuberculose en animais de máis de 24 meses (ELISA Anticorpos), realizadas dentro dos 30 días anteriores á venda.

2º Comprador (condicións)

- 2.1. A **XVIII SUBHASTA TOP-BOS é ABERTA**, polo que poderá participar calquera persoa que o desexe, e se comprometa a respetar este Regulamento.
- 2.2. Os compradores de animais na Subhasta Top-Bos aceptan e autorizan expresamente a Fefriga para que poida utilizar os datos da súa gandería nas publicacións da Federación (memoria, revista, dípticos, etc.,...)

3º Condições da venda

- 3.1. O precio de saída será fixado pola organización **non superando en ningún caso os 2.500€.**
- 3.2. Os animais serán vendidos polo sistema de subhasta pública, con poxas á alza e de viva voz, sendo adxudicados ó mellor postor.
- 3.3. As poxas serán de **100 en 100 €.**
- 3.4. O precio de remate verase incrementado polo correspondente 8 % de IVA.

4º Pago e retirada dos animais

- 4.1.- O pago deberá realizarse ó rematar a subhasta (contado, transferencia, talón conformado, etc...) e/ou sempre antes de retirar os animais da finca.
- 4.2.- Os animais deberán ser retirados de Bos polos seus compradores, entre os días 31 de Outubro e 4 de Novembro.

5º Axudas ó comprador

- 5.1. Entre tódolos compradores sortearanse 2 lotes de embrións producidos na UTE de BOS.
- 5.2. **XENÉTICA FONTAO**, como parte integrante do "Programa de Mellora Gandeira", obsequiará ós compradores con **3 doses de XACOBEO e 3 doses de BOER**, por animal adquirido.
- 5.3. Tendo en conta que os animais a subastar proceden do "Programa de Mellora Gandeira", as ganderías colaboradoras do Programa, -de alta en Control Leiteiro e Rexistro Xenealóxico,- beneficiaranse dun desconto do 20% sobre o precio de remate.
- 5.4. Os animais comprados con desconto, (punto 5.3),- non poderán ser vendidos a outra gandería, sen autorización, -por escrito,- da Federación, e debendo en todo caso, abonar a Fefriga, a diferenza entre o precio de remate da subasta e o pagado (20%).

6º Contratos

- 6.1. Algunhas das femias a subastar poderían ter contratos en vigor, para a produción de embrións e/ou 1 tenreiro para Centros de Inseminación Artificial ou outras entidades contratantes.
- 6.2. No caso das femias contratadas, o comprador asumirá a subrogación dos contratos, nas mesmas condicións que ten acordadas FEFRIGA (600€ por embrión e/ou 2.400€ por tenreiro). Esta subrogación asinarase no momento da formalización da compravenda.

7º Seguro

- 7.1. Os animais estarán amparados por un seguro, suscrito con **MAPFRE AGROPECUARIA**, que cubrirá os riscos de accidentes ou enfermidades producidos como consecuencia do transporte ou incorporación á explotación de destino.
- 7.2. Dito seguro cubrirá os riscos descritos, dende o día 27 de Outubro ata o 16 de Novembro.
- 7.3. Para ter dereito ó cobro da indemnización pertinente, o propietario dun animal enfermo ou accidentado deberá comunicalo de inmediato a Fefriga.
- 7.4. Para a valoración dos animais a efectos de seguro, adóptase o seguinte baremo:

Xovencas menores de 18 meses	1.800
Xovencas maiores de 18 meses	2.500
Vacas	4.000

En caso de aborto, a indemnización a percibir será dun 25% do valor asegurado.

8º Disposicións finais

- 8.1. A organización decidirá sobre aqueles temas non previstos no presente Regulamento. Igualmente disporá de amplas facultades para, se fose necesario, modificar algunha das Condições establecidas.
- 8.2. A participación como comprador implica aceptar e asumir tódalas condicións recollidas neste Regulamento, así como aquelas complementarias que para o bo desenrolo da subhasta poideran establecerse.
- 8.3. A organización resérvase o dereito de admisión.
- 8.4. En caso de desavenencia ou reclamación legal que desta Subhasta se puidera derivar, as partes en litixio someteranse expresamente ós Tribunais de Santiago de Compostela, renunciando a calquera outro foro que en dereito lles puidera corresponder.